

## Tábula de hospitalidade

A **tábula de hospitalidade** é unha placa de bronce cun marco e unha asa para poder colgala.

Esta tábula apareceu no castro de Castromao.

O castro de Castromao está no concello de Celanova da provincia de Ourense.

Os castros son aldeas de casas de pedra con tellados de palla.

Os castros están rodeados por unha o varias murallas de pedra.

Os coelernos eran un pobo que vivía no castro de Castromao antes de que chegaran os romanos.

A tábula de hospitalidade está escrito en latín que é a lingua dos romanos.

A tábula é do ano 132.

Neste ano, los romanos xa conquistaran case toda España.

A tábula é un acordo de amizade para sempre entre o exército romano e os coelernos.



Información en  
lectura fácil

A tábula é un documento legal  
que se colocaba nun edificio público  
para que todo o mundo o vira.

A tábula de hospitalidade é un acordo pouco común.

A maioría das veces

os romanos obrigaban aos pobos que conquistaban  
a firmar acordos de obediencia.

En Castromao, tamén apareceron moedas

e outras pezas de diferentes materiais:

- cerámica
- vidro
- bronce
- e granito.

A tábula de hospitalidade recórdanos que os romanos  
cambiaron a forma de vida dos pobos que conquistaron.

Neste caso,

os romanos cambiaron a forma de vida dos coelernos  
que vivían en Castromao.



Información en  
lectura fácil

## Tábula de hospitalidade

A tábula está escrita  
em latín

Asa para poder  
colgar a tábula



Marco

# **musarqourense**

museo arqueolóxico provincial de Ourense



Textos adaptados por:

**FADEMGA**

